



de Tormes  
**lázar**




## A COMPAÑÍA

Pedras de Cartón nace na Coruña, pero cunha visión aberta ao exterior, coa intención de crear espectáculos que podan chegar ao maior número de públicos posible.

Desta volta abordamos un clásico da literatura española, o Lazarillo de Tormes, contado e representado, por primeira vez, sen palabras.

A compañía conta para esta tarefa con profesionáis cunha ampla traxectoria no teatro para a infancia e a xuventude, da man de Juan Rodríguez, socio fundador de Caramuxo teatro.

Pedras de *cartón*



## BREVE INTRODUCCIÓN Á NOVELA



Unha boa parte da crítica ve o Lazarillo de Tormes como unha das primeiras novelas modernas da literatura española, a súa modernidade reflíctese na evolución das personaxes ao longo de texto e no emprego de escenarios coñecidos polos lectores, situados nos arredores de Toledo e Salamanca. O Lazarillo de Tormes amosa tamén, unha realidade lonxana da sociedade ideal que nos descubrían os libros de cabaleirías, tan de moda a mediados do XVI.

O Lazarillo de Tormes amósanos unha sociedade decadente, cun entorno decadente, de pobreza e con personaxes de baixa escala social. Avaros, mentirosos, manipuladores, pícaros...

As aventuras e desventuras do Lázaro de Tormes inauguraron un xénero literario con gran éxito ata o século XVIII chamado Picaresca en honor ao seu protagonista. O pícaro é un personaxe dun estrato social baixo que vai sorteando os obstáculos da vida a través do engano e o inxenio. Lázaro de Tormes, como faría máis tarde Guzmán de Alfarache ou a pícara Justina, non pensa nas consecuencias dos seus actos, so pensa no seu proveito, xa que esta é a única maneira e sobrevivir.

O protagonista presenta a súa historia como unha epístola. Non sabemos quen sería o destinatario desta carta. Tampouco coñecemos o nome do seu autor. Acaso porque, intencionadamente, quixo este protexerse da cruda visión da sociedade que nos amosa, crítico con institucións como a Igrexa.

## DIRECCIÓN: LAURA SARASOLA E PABLO SÁNCHEZ

Para este traballo de máscaras a música debe servir como texto, como partitura do que ocorre na escena e acompañar o humor que percorre toda a peza, para coordinar este traballo contamos coa experiencia de:

**Pablo Sánchez**, un profesional cun recoñecido traballo no campo do clown e o teatro físico, que leva dirixido espectáculos como “Papapatúm” de Elefante Elegante (Premio María Casares de Teatro Infantil), “Danza da choiva” de Elefante Elegante (Premio María Casares de Teatro Infantil), a compañía San & San, Os contos de Pablísimo, Trinke Trinke, Teatro ó Cubo, Mamá Cabra, N + 1 ou Pista 4.

**Laura Sarasola**, actriz e codirectora de Caramuxo teatro. Laura ten participado en multitude de espectáculos para a infancia e a xuventude, entre os que destacan “Zapatos”, “Mensaxe sen botella”, “Ñam”, “Na casa”...

## DRAMATURXIA: JUAN RODRÍGUEZ

Este “Lázaro de Tormes” conta coa dramaturxia de **Juan Rodríguez**, que coñece ben un texto co que traballou hai anos con Caramuxo teatro, esta vez co reto de concentrar a acción para que o público non perda a esencia do que se conta no clásico orixinal, e contado case sen palabras. Juan Rodríguez ten escrito textos para espectáculos para toda a familia entre os que destacan “Zapatos”, “Historia dunha semente”, “Mensaxe sen botella”, “Glub, glub”...



## ELENCO:

O elenco da peza combina a **Xosé Manuel Esperante**, actor cunha gran traxectoria no teatro para toda a familia con Caramuxo teatro, Baobab teatro, C.D.G....; **Juan Rodríguez**, que ten representado máis de 20 espectáculos con Caramuxo teatro e **Xosé Vilarelle**, experimentado actor que traballou para o C.D.G, C.D.N, Teatro do Atlántico, Caramuxo teatro...

## ESPAZO ESCÉNICO:

A escenografía esta realizada e deseñada por **José Manuel Faro “Coti”**, escenógrafo de recoñecido prestixio que ten traballado para Eme2, Sarabela Teatro, Pérez & Fernández, Il Imaquinario, Aporía Escénica ou Avento Teatro. Galardoado cun María Casares no 2018.

Xoga coa versatilidade e funciona como ciclorama que da cor e axuda a crear diferentes ambientes, ademáis crea un xogo de portas que axuda nos ritmos das escenas.

## MÁSCARAS

Para cubrir cada unha das personaxes de “Lázaro de Tormes”, realizáronse seis máscaras, elaboradas por **El tigre de papel**, que xa fixo traballos de este tipo para Pérez & Fernández, Caramuxo teatro ou o Quinteto Invento.

As máscaras, están fabricadas a medida, para a comodidade dos actores e gañar a maior mobilidade posible. Elaboradas sobre molde con cartón pedra e pintadas a man pola artesá Antía Ferrer. Na elaboración buscarase a maior expresividade e cores suaves que resulten estéticamente vistosas e non produzan medo.



## VESTIARIO

O vestiario nunha peza de época constitúe unha parte importante, xa que axuda a crear o ambiente necesario.

O vestiario está deseñado e realizado por **Diego Valeiras**, Licenciado na Esad, que traballou para compañías como Redrum Teatro, Talía Teatro, Avento, Butaca Zero ou o C.D.G., ademais de en multitude de proxectos audiovisuais. Nomeado dúas veces aos María Casares na categoría de Mellor Vestiario.

## DESEÑO DE ILUMINACIÓN

O deseño de iluminación corre a cargo de **Suso Jalda**, que ten traballado en multitude de espectáculos de Caramuxo Teatro, en Chévere ou Ibuprofeno entre outros.

## BANDA SONORA ORIXINAL

Nun espectáculo como este, case sen texto, a banda sonora é moi importante, debe funcionar como texto, aportar ritmo a cada escena e potenciar cada momento, cada acción, apoiar a poesía que pode ter unha determinada escena ou potenciar a comicidade das partes máis divertidas da obra.

A Banda Sonora orixinal está composta por **Davide González**, actor, músico e compositor que ten traballado para Baobab teatro, o C.D.G, Incendiaria, Redrum teatro, Galeatro ou Il Imaquinario.

## IMAXE E DESEÑOS

Para a imaxe de cartelería, programas de man e outros materiais do espectáculo, contamos co traballo de Marcos Viso, ilustrador de prestixio con multitude de textos publicados para o público infantil e xuvenil.





## SINOPSE

Pedras de Cartón presenta a historia do Lazarillo de Tormes contada por primeira vez con máscaras e sen palabras. A compañía conta para esta tarefa con profesionáís cunha ampla traxectoria no teatro infantil e xuvenil, da man de Juan Rodríguez, socio fundador de Caramuxo Teatro. Así, Xosé Manuel Esperante, Xosé Vilarelle e Juan Rodríguez abordan dende o escenario e baixo a dirección de Pablo Sánchez e Laura Sarasola, esta coñecida peza da literatura que ademáis forma parte do currículo educativo nas escolas.

Unha comedia sen palabras para gozar en familia.

## PÚBLICO

+ de 5 anos en funcións familiares.

+ de 10 en funcións escolares. \* Para as funcións escolares contamos con unidade didáctica específica do espectáculo.

## DURACIÓN DO ESPECTÁCULO

50 minutos.















## EQUIPO TÉCNICO E ARTÍSTICO:

Produce: Pedras de Cartón.

Dramaturxia: Juan Rodríguez.

Dirección: Pablo Sánchez e Laura Sarasola.

Elenco: Xosé Manuel Esperante, Xosé Vilarelle e Juan Rodríguez.

Máscaras: Tigre de Papel.

Escenografía: José Manuel Faro "Coti".

Vestuario: Diego Valeiras.

Banda Sonora Orixinal: Davide González.

Cartelería e imaxe: Marcos Viso.

Luz e son: Suso Jalda.

Didáctica: Mariem Padrón.

Fortografías: Corsino.

Contratación:

**CULTURACTIVA**

**CULTURACTIVA S. COOP. GALEGA**

[info@culturactiva.org](mailto:info@culturactiva.org)

[www.culturactiva.org](http://www.culturactiva.org)

+34 981 582 836



## ESPECTÁCULO PRODUCIDO SEN AXUDAS PÚBLICAS

Agradecementos: Concello de Narón, Pazo da Cultura de Narón, Colexio Calvo Sotelo, Deputación da Coruña, Visue, Café Marfil e en especial a Jose Rosales.

Contacto compañía:

[pedrasdecarton@gmail.com](mailto:pedrasdecarton@gmail.com)

699521803 (Juan)

